

ROUCCO


SION

Falamos de rock en galego

Número 10- decembro 2021

Publicación gratuíta

Colle unha!



MGK

OS VACALOURAS

FILLO CORVO

FAME NEGHERA

ABSORBED

CLAN MORTARTY

ESPECIAL: OS 25 DISCOS GALEGOS DE 2021



Por Patty Castro



Moito choveu xa dende que o 29 de abril de 2014 apareceu un post nas redes sociais que foi correndo de muro en muro, facéndose eco dunha realidade que moitas mulleres experimentaban como súa: faltaba visibilidade para as mulleres que facían metal e rock na Galiza. O meu post era por aquel entón o dunha vocalista de metal do grupo galego Meigha, nai de dúas fillas de tres e un ano, que estaba a facer un chamamento para crear un tema adicado á figura da muller na música kañera. Algo feito sen ánimo de lucro, para reivindicar o posto que se merecen as mulleres nun ámbito maioritariamente masculinizado, e coa idea de dar a coñecer a boas artistas.

A proposta que facía era para a gravación dun tema en estudio e máis dun videoclip. O chamamento foi un éxito, e créase o proxecto MGK, Mulleres Galegas Kañeras, que pretende dar visibilidade ás artistas galegas na música rock, heavy e metal que se fai nesta terra. A elas, ós seus grupos e ós seus proxectos persoais, potenciando e reivindicando a figura da muller dentro deste ámbito musical.

Durante o mes de maio de 2014 únense ao proxecto Alba Moledo, Alicia (Chousa), Antía Migueroa, Arantxa Pérez, Ariadna Brandón, Belize Martínez, Erika Domínguez, Haras Abuín, Laura Taka, Lucía Chaulet, Lucía Da Fonte, Luna Khaleesy, Mayte Cha Lois Antelo, Montse Leis, Nieves (Chorva), Pilar (G Anja Cat), Sarah Blackcat, Teté Delgado, Thais Suki, Violeta (V de Violeta) e Virgi Rose. Tamén se unen dúas mulleres ligadas ao folk e a música tradicional como son Mercedes Peón e Susana Seivane, que actúan como madriñas para que se fixen no proxecto os medios de comunicación maioritarios.

Comeza entón a carreira para buscar unha forma de financiamento para este proxecto, feito coa plataforma en liña Verkami. E grazas á xenerosidade dos mecenas que apoiaron a idea, conseguimos non só poder gravar un tema, senón dous e máis un making



of do que sería a xuntanza solidaria de músicas galegas máis grande ata o momento dentro deste ámbito da caña musical. Durante os meses de setembro e outubro organizei un total de 8 ensaios en diferentes cidades galegas, que foron toda unha festa de amizade e boas intencións na que prevaleceu a idea de que era a primeira vez para moitas de nós na que tiñamos a posibilidade de tocar con tantas mulleres músicas.

Despois, durante tres días, gravamos os dous temas nos Zoilo Unreal Studios de Marín e, conxuntamente, os dous videoclips e o making of. Foi todo un alarde de organización e ganas de botar adiante o proxecto por parte de todas nós. De tanto os videoclips de cada tema coma do making of de todo o proceso de xun-

tanza, ensaio e gravación no estudio, encargouse Película Invertida, cun equipo de catro mulleres con Lidia Gallardo como coordinadora. A produción e montaxe do making of foi unha colaboración de dúas mulleres realizadoras que se uniron ó proxecto para botar unha man, Nuria Foz e Raquel Soto, conseguindo así potenciar

Estamos conseguindo facer posible a visibilidadee que tanto queríamos, fomentando a colaboración entre músicas da Galiza e dando empuxe a este tipo de música non tan comercial

tamén a figura da muller no audiovisual galego.

Durante o 2015 o proxecto preparouse para a súa presentación o día 7 de marzo no Pub Transylvania de Vigo. Foi unha gran festa para os mecenas e as colaboradoras, onde presentamos todo o traballo que se describiu anteriormente, o merchandising e o noso directo. Estabamos con-

seguindo facer posible a visibilidade que tanto queríamos, fomentando a colaboración entre músicas da Galiza e dando empuxe a este tipo de música non tan comercial.

Durante estes sete anos, o proxecto de Mulleres Galegas Kañeras non se dissolveu, senón que se foi convertendo nun colectivo que da o seu apoio a moitas mulleres e proxectos. Entre eles, podemos mencionar Músicas Galegas Ilustradas, a asociación MIM de mulleres da industria musical, o proxecto Rockin' Ladies de Raquel García, o censo de Distrito Riot de Vane Balón, a asociación Músicas ao Vivo, o Proxecto Rizoma de Nía Tarrío, a Uterzine de Maritxu Alonso, o festi paritario Elas son Artistas ou Descúbreas da Deputación de Pontevedra.

Actualmente, ademais de facerme eco na súa páxina de Facebook de concertos e eventos e de apoiar a diferentes grupos e asociacións, teño dende marzo de 2020 na emisora web A Xente de Teo un espazo de entrevistas. A colaboración con Iván Touris, creador do programa, na-



ceu primeiro no programa En Estado de Emerxencia, un programa diario creado durante a pandemia. E, actualmente, en A nova realidade, un programa quincenal no que fago entrevistas a mulleres músicas e relacionadas coa música para crear referentes das súas traxectorias vitais no terreo musical. Para poder facer chegar a outras mulleres a idea de que se outras puideron, elas poden. E ademais, para poder así facer máis visibles a estas mulleres, pois por desgraza segue a ser unha realidade o descoñecemento en xeral das artistas femininas, sobretudo das instrumentistas. É todo un pracer colaborar con A Xente de Teo, pois faime posible entrevistar a moitas mulleres que se senten recoñecidas con esa definición de mulleres galegas kañeras, sendo ou non galegas ou kañeras.

Tamén, dende o 2020, o proxecto MGK ten representación no magazine audiovisual de GZ música, en Nós TV, nun espazo propio que fai posible ter entrevistas a grupos galegos que conteñan mulleres na súa formación e se expresen en galego. Para min está sendo tamén un pracer poder colabo-

rar con GZ Música, pois permíteme darlle aínda máis representación ás mulleres que forman parte de grupos que utilizan a nosa lingua como transmisor da nosa cultura. Tamén é un pracer poder colaborar con Nós TV, uns referentes e propulsores da cultura en galego.

O que comezou sendo un proxecto persoal que naceu con ganas de con-

Espero poder seguir dándolles visibilidade a cada unha delas e seguir emocionándome cos seus logros, que sinto como propios

seguir coñecer máis mulleres que, coma min, se sentiran metaleiras, sete anos despois segue a ser unha realidade. Foron para min uns anos complicados, nos que a miña vida persoal fixo que ás veces se fixese complicado sacar tempo para invertilo no proxecto. Pero sempre tiveron ás miñas compañeiras, colaboradoras e amigas dándome folgos, e teño que admitir que nunca pensei que chega-

ría ata aquí. Pensei que xa fixera todo o que tiña que facer cando presentamos o traballo no Transylvania aquel 7 de marzo de 2015, pero o que si podo dicir e que as MGK son moito mais do que parecen. Son increíbles, e sen dúbida empoderáronme como música e muller. Así que tan só estou a devolver o favor a cada unha delas. E espero poder seguir dándolles visibilidade e a

cada unha delas, ós seus grupos. E seguir emocionándome cos seus logros, que sinto como propios,

pois o avance dunha é un avance para todas.

Estou encantada de poder ter un espazo dentro de Rouco Son, e quería dar as grazas á revista por apoiarme e facer posible que poidades ler estas verbas. Vou facer o posible para que coñezades a miña visión como muller e música do que está a acontecer no panorama musical galego, e para que poidades coñecer e saber máis sobre


grupos que conteñan mulleres nas súas filas. Porque para min poder ter acceso a cultura metaleira en galego é moi importante e necesario. Por iso mesmo apoio tanto a Rouco Son e tamén o fago visible no meu propio programa de radio e podcast Galiza Metálica. Un proxecto de radio mensual que me emociona, pois para min é a primeira vez que teño un programa de radio propio que está adicado a dar visibilidade e apoio aos grupos de metal, heavy e rock galegos canten ou non en galego. Tamén son creadora de contidos en galego coas canles de youtube de Contacontos en galego e Acouga, sosego en galego cos que busco facer posible ter cada vez máis alternativas en galego para pequenos e adultos. E sigo involucrada en proxectos musicais como Raiñas, onde versiono a mulleres de tódolos estilos musicais, en galego. Para min, o galego é unha ferramenta esencial para poder relacionarme e sentirme unida á miña comunidade. Máis nada! Recordade, escoitade música kañera de grupo galegos, ide aos concertos e apoiade especialmente as mulleres que estean nos grupos kañeros!

Primeiro marcaron un antes e un despois na súa traxectoria coa súa canción do verán «O Samil é Portugal», cunha colaboración de luxo como foi a de Quim Barreiros. Logo sacaron outros tres sinxelos máis de adianto, «Fedes a faiado», «Acacia negra» e «Tírate da ponte de Rande», tamén acompañados de videoclips, onde exploraron as diferentes facetas do grupo. E por fin, Os Vacalouras presentan hoxe o seu novo traballo de estudio, Xuventude Prexubilada.


Este novo álbum está composto por 10 cancións onde amosan unha maior madurez no musical, sen deixar de lado o seu estilo desenfadado e festeiro, que mestura punk e folk e que eles mesmos bautizaron como pataca'n'roll. Esta variedade xa a puidemos apreciar nos adiantos que nos deron; mentres que en «Tírate da ponte de Rande» atopamos o son máis clásico do grupo, como se podería escoitar en traballos anteriores coma Es Punk! i Non o Sabes ou Capacho Rock, cancións coma «Fedes a faiado» ou «Acacia negra» sorprendéron tratando temas máis persoais.

Dende a súa promotora, Galunk Producións, cóntannos que se trata dun disco «repleto de novos sons e estilos», onde a gaita terá en todo caso, como non, unha presenza moi destacable ao longo do disco, e «cunhas letras acedas e repletas de humor onde a sátira será a súa marca de identidade». Un novo traballo da banda de Teis que de mostra o bo estado de forma da música galega e que xa presentaron o 10 de decembro en directo en Vigo na Sala MasterClub. Todos os seus videoclips e o disco completo están dispoñibles en Youtube, e tamén en Spotify, Amazon Music, Deezer, Google Music, Apple Music ou Tidal.

Xa está na rúa o novo dos Vacalouras!



QUE SEMPRE TEÑAMOS
UN DÍA QUE *festexar*,
UN *agasallo* QUE DAR
E UN COCHE QUE *gañar*



GRAZAS A
Compostela
monumental

COMERCIO DO CASCO HISTÓRICO



Durante os meses de decembro e xaneiro, e ata o 14 de febreiro, sorteamos un coche Dacia Sandero de M.Caeiro (Grupo Caeiro) e dous televisores de 32". Solicita o teu boleto ao facer a túa compra en calquera establecemento asociado a Compostela Monumental, cúbreclo, depositao na urna e... boa sorte!

Fillo Corvo e Verbian fan vibra

O pasado venres 19 tivo lugar na Moon Music Club o concerto dos portugueses Verbian acompañados dos composteláns Fillo Corvo. Organizado por Doomawaits e por HNM Entertainment, contou cunha boa asistencia de xente, desexosa de concertos ao vivo despois de tanto tempo sen eles. Mentres que Verbian viñan desde Porto coma parte da xira de presentación do seu último álbum, Irrupção, lanzado o pasado setembro, Fillo Corvo daba o que foi o seu terceiro concerto, logo de terse estreado na propia sala Moon antes da pandemia e de ter regresado aos escenarios o mes pasado na Filomatic da Coruña. Apenas teñen dúas cancións editadas ata o momento, gravadas no Cimática Studio de Cerceda, pero axiña contan con sacar un traballo máis completo.



Fillo Corvo

Na sala Moon de Compostela

Foron os galegos os encargados de dar comezo ao recital. O estilo do cuarteto podería definirse coma metal alternativo, onde as partes máis pesadas se alternan con pasaxes limpas. Contan cunha formación clásica de vocalista, guitarra, baixo e batería: a voz é dramática e melódica, e os riffs dinámicos e elaborados, algo que non sempre é habitual no estilo. O apartado instrumental, de feito, brillou especialmente, estando ben cohesionado e facendo uso de diferentes técnicas que dotaron de variedade ás cancións.

Aínda que polo xeral optaban por ritmos pesados e a medio tempo, tampouco faltaron as partes rápidas ao longo do set. Tamén destacaron os abundantes solos de guitarra, melódicos e precisos, co acompañamento dun baixo potente que en absoluto precisaba dunha segunda guitarra para desenvolver a súa función. Para moitos dos asistentes era a nosa primeira vez escoitando boa parte das cancións de Fillo Corvo, xa que dos 8 temas interpretados só 2 se poden escoitar polo momento en plataformas dixitais.

Polo xeral, o cuarteto optou por ir descargando os seus temas un tras outro, con algunha parada ocasional para falar coa audiencia. Un punto álxido chegou cara a metade do concerto, cando o grupo interpretou o seu sinxelo «Pedra negra» ante un público entregado. Tamén destacaron, cara ao final, as voces a dúo cantadas entre o vocalista Sumbaler e o batería Anxo Porto. Unha vez rematado o set que tiñan planeado, cun final intenso e rápido, o público pediu máis, así que os composteláns víronse obrigados a tocar un bis xenuíno (algo que se bota de menos entre tanto bis que se sabe pensado e preparado) repetindo «Pedra negra». En definitiva, sorprende que fose apenas o seu terceiro concerto, e deixa ganas de escoitar o resto das cancións interpretadas en estudio.

Pasou entón a ser o turno de Verbian. Esta banda de post rock e post metal portuguesa xa ten unha traxectoria detrás, con dous álbums editados (o primeiro, Jaz, saíu no verán de 2019) e viñan en calidade de cabezas de cartel, así que os asistentes xa sabíamos o que podíamos

esperar. Porén, foi un deses concertos nos que a experiencia ao vivo é aínda mellor que a do estudio, sen desmerecela en absoluto.

Como podemos agardar dunha banda do estilo, a música de Verbian é atmosférica, envolvente. Non pretende tanto sorprenderche con melodías pegadizas coma transmitir unhas determinadas sensacións. Ademais, hai que ter en conta que, salvo momentos moi puntuais nos que todos os membros do trío interpretaban voces guturais ao unísono, estamos ante un grupo instrumental. Porén, tamén houbo espazo no concerto para a melodía e para riffs memorables, especialmente nas partes nas que exploraban o lado máis sludge metal do estilo, ao modo de moitos pioneiros do mesmo. A interpretación dos temas foi exacta, cun son de igual calidade ao dunha interpretación de estudio.

Porén, como xa dicimos, onde realmente gaña a banda é no feito de verlles interpretar a súa música en directo. Tanto o baixista coma o guitarrista da banda compartían estes instrumentos cos teclados, responsabilidade que se repartían entre ambos en diferentes combinacións. E tamén, como non, cun gran número de pedais de efectos, ao máis puro estilo shoegaze. O elaborado das composicións complementábase con diversos samplers, co emprego de loopers para engadir múltiples capas a varias seccións das cancións, e por suposto con riffs que moitas veces eran máis intrincados do que se adoita agardar dun estilo eminentemente atmosférico coma este. Este pluriemprego dos membros da banda é relativamente habitual en grupos coma este, pero non por iso menos meritório, e máis sendo «unicamente» un trío. Verlles en directo era, pois, como ver a tres tipos construíndo unha intrincada estrutura a tempo real, algo que de seguro faría desfrutar especialmente ao resto de músicos presentes na sala.

Agardemos que a situación sanitaria siga a permitir concertos coma este, e poder volver ver axiña tanto a Fillo Corvo con novo material baixo o brazo coma a Verbian visitar de novo as nosas terras.



Óscar Ínsua, Jumpin

“Emocionámonos con vén á tenda, ata nos fa

Poucas persoas de Compostela encarnan tanto a figura do músico coma Óscar Ínsua, máis coñecido coma mero afeccionado: despois duns comezos na mítica escena punk compostelá a principios dos anos da banda Absorbed. Despois, a súa carreira levoulle por camiños tan diversos coma o de tocar rock progresivo con Cao ou Brath. Pero unha cousa é clara, calquera guitarrista compostelán lle coñecerá ante todo por estar, día entre as guitarras da mítica tenda, pero a pesar de que, explica, o seu traballo diario dista moito da realidade sendo coma a o primeiro día ou máis. Falamos con el sobre a súa carreira e o seu traballo en Estudio 54 p

Os teus comezos musicais son coa banda de hardcore punk Fame Neghra, nun momento en que agromaban na cidade máis bandas do estilo, coma Dirty Barrighitas ou Túzaros.

Si, era a finais dos 80, había moito punk, moito hardcore. E había aquí unha banda chamada SS Harlots na que tocaban o cantante e un guitarrista de Fame Neghra. Buscaban baixista, porque o cantante tocaba tamén o baixo e dicía que quería sentirse máis libre. Entón eu lles dixen que me probasen de baixista. Era bastante novo, tiña 17 anos, pero aprendín os temas e acabei entrando de guitarrista. Sabía os seus temas mellor que eles (risas). E entón cambiou o nome a Fame Neghra. Álex, o guitarrista da banda, que agora toca en Samesugas, foi un dos pioneiros en tocar tralla por aquí. Gravei dúas maquetas con eles, pero eu xa estaba moi metido no thrash metal, e marchei de Fame Neghra para formar a miña propia banda.

Xa tiñas formación musical, ou fuches autodidacta?

Eu son autodidacta, aínda a día de hoxe.

Aíña pasas ao metal da man de Absorbed. Os punks e os metaleiros son grupos tan estancos entre eles como se adoita pensar?

Hai unha cousa que eu penso que os metaleiros levan moi ben, que é que o metal é das músicas que máis lle debe a todas as demais. E moi-

tos estilos de metal lle deben moito ao punk. Non é que fosemos punkis, pero se mesturaba todo mogollón, e estaba ben.

Con Absorbed buscabas tocar un estilo de música máis demandante a nivel técnico que o de Fame Neghra?

Hai unha cousa que digo sempre cando se fala de Absorbed como grupo de death metal técnico ou progresivo, que é que non era a propósito, non se buscaba. Era porque tocábamos así daquelas, porque nos gustaba de todo, o punk, o metal, e tamén o rock progresivo. Aquí, é que directamente a xente non sabía que era o death metal. Era imposible atopar cantante, nos primeiros anos acabei cantando eu. E non é fácil cantar death metal, está moi infravalorado. Pero iso, non foi un cambio buscado. Realmente Fame Neghra non era a miña banda, eu quixen montar a miña propia para darlle a miña visión. Para min o death metal ten un punto en común moi grande coa música clásica, con esa sensación grande e poderosa, como cando escoitas Wagner.

Absorbed foron pioneiros, pero logo houbo unha escena moi potente de death metal en Galicia.

Si, estaban Unnatural, Dismal, S.O.K... Logo xa no thrash, Scum, Xudéf Klas...

En Compostela tamén estaba a banda de groove metal Embrace Me Ocean, e tes contado que foi o

seu batería, Javier Gestal, quen che puxo o alcume de “Jumpin”.

Foi nunha sala de xogos, das que agora xa non hai. Eu xogaba sempre aí, eles baixaban os domingos, e eu estaba sempre cantando a canción “Jump in the Fire”, de Metallica. E eles non sabían como me chamaba, e dicían “ese, o que canta a de jump in”, e quedou ata hoxe.

A banda acabou dividida entre Cangas e Compostela, e se fixo imposible a súa continuidade.

A banda fundouse aquí, pero dimos un concerto en Cangas, e alí nun festi vimos a un batería, Lino Cordeiro, e eu dixen: “este batera ten que ser noso”. E fixen varias viaxes a Liméns, en Cangas, para convencelo. Acabou entrando na banda xunto co seu irmán Mario, e acabamos ensaiando alí, polo que había que facer esa viaxe en cada ensaio. E se aínda por riba a harmonía no grupo non ía ben... Deixaba de ser divertido. Hai xente que me di “se tivesedes aguantado seríades os Sepultura españois”... Non hai Sepultura españois, e menos íamos ser nós. Ademais creo que eramos todos Cancer de signo do zodiaco, ao mellor tivo algo que ver (risas).

O teu seguinte proxecto é a banda de rock Clan Moriarty, e dende entón a túa carreira musical sería marcadamente ecléctica.

O de Clan Moriarty foi algo casual. Eu xa deixara Absorbed e andaba por un bar de rockabilys en

Santiago, e coñecín a un baixista, Alejandro Castiñeiras, que me dixo que buscaban guitarra. Eran unha especie de Stray Cats galegos. E probamos, e coa entrada de novos membros convertíuse xa en rock progresivo. Logo fixen algunhas cousas de folk, con Brath, con Emilio Cao, algún rollo para o Xabarín, para tributos a Jackson Brown... Moitas colaboracións.

Como acabas recalando en Estudio 54?

A tenda fundouse no 2002, e eu era cliente de Richard, o dono da tenda. E el sempre me dicía, “ti tes que estar aquí conmigo”. E comecei traballar con el. Debo levar xa 15 anos. É un mundo moi especial, o da música e os músicos.

Alí traballas con guitarras todos os días. Converteuse o teu traballo nunha afición ou a túa afición nun traballo?

Eu a verdade é que saio de currar e estou na miña casa coa guitarra no sofá, sigo tocando. A xente ten unha visión distorsionada do que é traballar nunha tenda de música, nunha tenda de música o que máis fas é traballo de ordenador. E máis nestes tempos con tanta venda online, ás veces non se vende algo na tenda e si online. Entón tes que darlle movemento, facer fotos, moitas fotos, redes sociais... Non estás todo o día tocando a guitarra. Hai días que si, que tocas e que cambias moitas cordas, pero días en que en absoluto.

n cada guitarra que stidia vendelas”

ma “Jumpin”. Este guitarrista con máis de 30 anos de traxectoria ten tocado todo tipo de música, e non
90, foi un dos primeiros músicos da península en practicar, un estilo entón novo, o death metal, da man
resivo con bandas coma Clan Moriarty ou o de colaborar con artistas de folk tan senlleiros coma Emilio
xunto a Richard Rey, detrás do mostrador de Estudio 54. Jumpin leva xa moitos anos traballando día tras
idea romantizada del que se pode ter, a súa paixón pola música non só non mermou, se non que segue
para coñecer as dúas facetas dun músico en toda regra.

Entón eu sigo tocando en casa. Por-
que realmente eu o que quero é to-
car a guitarra. Todo isto do que fala-
mos hoxe aquí foi porque eu quería
tocar a guitarra. Eu escoitei un tema
dos Sex Pistols e dixeran “gustárame
tocar a guitarra”, e ata hoxe. Debeu
ser o amor da miña vida. Caín aí, e aí
sigo. E tiveron a sorte de poder facer
diso, un pouco, a miña forma de vi-
vir. Da música en si non vive case nin-
guén en España, e se o fas, é un ano.
E agora coa pandemia ata os músi-
cos de sesión ben pagados tiveron
que buscarse a vida.


**Tanto na túa carreira musical
coma na tenda estiveches e estás
en contacto con moitas xeracións
de músicos galegos. Cando é máis
doadado facer música, na época das
casetes e os fanzines ou na de face-
book e spotify?**

Eu ás veces teño neuras, imos di-
cilo así, e escribo cousas nas miñas
redes sociais que moitas veces logo
acabo borrando, como algunha re-
flexión e tal. E unha vez escribín so-
bre este tema. Algo que a min nunca
me importou moito foi o que se di-
xese de min, de feito saltei de to-
car hardcore a death metal, e cando
estaba ben considerado nese es-
tilo fun a outro rolo que non tiña
nada que ver. Cando estaba nou-
tro rolo, volví ao metal. E sempre
me deu igual. Pero hoxe en día vexo
aos rapaces... Que si os likes de Ins-
tagram, que si os likes de Facebook,
que si suben un vídeo... Eu subo ví-

deos que poden ter 3 likes e 40 visi-
tas e a min dame igual, vou seguir fa-
céndoo porque a min gústame tocar.
Pero agora as bandas mídense polos
likes, non consigues contrato se non
tes x seguidores en Spotify, etc. Ten
que ser esgotador, desmotivante.
Non hai que caer en pensar coma
un “abuelo cebolleta”, pero a música
como eu a coñecín xa morreu. Agora
Metallica está vendendo un cursillo
para ensinar a ser famoso. É que xa
alucino (risas). Cando a música deixa
de ser unha paixón e pasa a ser un
negocio... É complicado.

**Que diferenza Estudio 54 dou-
tras tendas de música?**

En Estudio 54 estamos dous cha-
lados. Somos os dous moi apaixoa-
dos da música. É un negocio, por-
que precisamos vender para vivir,
pero hai moita paixón. As guitarras
mercámolas para nós. Mercámolas
dicindo “bua, mira que bonita esta,
habería que conseguila”, ou “isto é
un guitarrón”. E vou á miña casa e
sigo mirando guitarras, vendo que
instrumentos tocaban algúns artis-
tas... Non é un rolo de “vou traer
as mellores guitarras e non teño nin
idea delas”. Un empresario como é
Richard, que é o dono, se quixese
facer diñeiro, cambiaría a decora-
ción da tenda e o poría todo en plan
Guitar Center, para facer caixa. Nós
emocionámonos con cada guita-
rra que vén á tenda, e ás veces ata
nos fastidia cando se vende algunha
cousa.



ROUCCO SON

Falamos de rock en galego

Os 25 discos galegos de 2021

Este ano, a pesar das dificultades provocadas por unha pandemia que aínda non damos quitado de enriba, foi en moitos aspectos un ano de regreso por todo o alto para moitas bandas galegas despois dun 2020 de parón. Así que tivemos doce meses inzados de grandes discos, tanto por parte de nomes xa moi asentados na nosa escena como de novos proxectos. Inclusive, de algúns que agromaron na propia pandemia.

Como non podería ser doutro xeito nunha escena tan boa e prolífica como é a do rock de Galicia, re-


sulta moi difícil destacar só 25 lanzamentos.

Porén, dende Rouco Son consideramos que este cuarto de centenar de traballos musicais merece unha especial atención pola súa gran calidade, polo seu carácter innovador, pola súa importancia para a escena no seu conxunto, ou mesmo por todo á vez. Así que aquí van os nosos 25 discos de 2021. Quedou unha lista ben variadiña! Non esquezades botarlle unha orella a todo e comentarnos que botades en falla. Vai en orde de data de lanzamento.



Rheia Gorecki - VVV

Rheia Gorecki é un dúo formado por Catu e Adrián en 2018, e radicado en Compostela. Este VVV é o seu primeiro traballo, un EP no que a calidade da súa música está a altura do seu impresionante deseño artístico, e xa é dicir. Catro temas dun rock alternativo ben potente, como non podería ser doutra maneira tendo en conta a experiencia de Adrián en bandas de black metal tan destacadas coma The Last Twilight ou Barbarian Prophecies. Sen dúbida, unha das grandes revelacións deste ano.



Atreides - Ordalia

Referencia absoluta do power metal galego, o cuarteto vigués Atreides saca con Ordalia o seu terceiro discazo, que toma o relevo de Neopangea (2017). Gravado, producido e masterizado polo guitarrista do grupo, Dany Soengas, xa dende o lanzamento de adiantos coma "Hereditarios de la fe", "Servet" ou "Flor de madrugada" puidemos ver o que se nos viña enriba. O disco conta, ademais, con colaboracións do primeiro nivel, como as de Alberto Cereijo de NEO e Los Suaves, Icko Viqueira de Aque-larre ou Emi Ramírez, excantante da propia banda e logo en grupos como Iron Hunter.



Noxo - Harmónica axitación musical

Pura punkarrada procedente da Estrada. Harmónica axitación musical é o primeiro disco do quinteto Noxo, e é toda unha declaración de intencións. Desenfadado, cañeiro, e en menos de media hora de duración. Acompañado, por suposto, por unha portada que lle vai como anel ao dedo. Que máis hai que dicir?



Ultraxe - Vol 1... Confinados !!!

E imos xa cunha verdadeira macarrada. Ultraxe é un cuarteto pontevedrés de death metal e grindcore, no que atopamos a membros de bandas como Demodeus, Impaled Corpses ou La Hija del Carroñero. Neste traballo, titulado Vol 1... Confinados !!!, expoñen o seu metal sucio e bruto como poucos. Non apto para frouxos!



Tenue - Territorios

Non veñen de Coruña, pero recollen a mellor tradición do crust punk galego na súa máxima expresión. E iso non é dicir pouco. Tenue son un trío da Guarda que xa se marcara un discazo tremendo co seu EP de 2018 Anábase, e agora están rompendo aínda máis fronteiras co seu álbum Territorios, composto unicamente pola canción homónima de media hora de duración. Basta con escoitalo para entender o por que do tremendo alcance que están tendo tanto no noso país como fóra del.




Batea - Tampoco somos los Rolling

Tampoco somos los Rolling é o primeiro traballo do sexteto vigués Batea, un grupo que mestura o rock coa música tradicional galega. Este álbum instrumental, gravado nos Estudios Musicais Metrópolis, está inzado de pegadizas melodías onde a gaita, as frautas e o violín comparten protagonismo cos instrumentos eléctricos. Mención especial merece a orixinal presentación da edición física do "disco", nun pendrive con forma de mexillón incluído dentro dunha lata de conserva.



Lóstregos - Onde calan os corazóns, ruxen as pedras

Pouco máis podemos contarvos xa de Onde Calan os Corazóns, Ruxen as Pedras, o novo discazo do cuarteto coruñés de black metal Lóstregos do que xa fixemos unha recensión no seu momento. Podedes botarlle un ollo na nosa web.



Inn Opiah, Mugre - Fronte a fronte

Imos agora cun disco compartido. E non é un compartido calquera, pois estamos a falar de dúas bandas compostas cada unha por un único membro: Mugre, de Vigo, e Inn Opiah, de Pontevedra. Dous artistas de estilos distintos, pois un fai death/grind e o outro fai punk rock, pero unidos por un mesmo espírito 100% faino ti mesmo. Un traballo que desborda tanta sinceridade coma potencia. Non o perdades!



Balmog - Eve

Balmog, cuarteto procedente de Soutomaior, é unha das bandas por excelencia do black metal galego. Con Eve sacan un novo discazo, apenas un ano despois do seu tremendo EP Pillars of Salt, onde non só continúan coa incorporación de elementos do death metal ao seu son, se non tamén do post punk, da psicodelia ou do metal máis tradicional. Ademais, cabe destacar a presenza de cancións en galego, tendencia que comezou forte en Pillars of Salt e que trae á memoria á banda precursora Inmacula Mortem.



Xerión - Lamento Luminiscente

E seguimos na órbita do black metal, pois entre finais de abril e maio encadeáronse os grandes traballos de bandazas deste estilo. E non podían faltar de ningún xeito Xerión, o dúo ourensán do que xa vos temos falado na nosa recensión do seu primeiro álbum, Nocturnal misantropía (2007), e na nosa entrevista ao seu membro fundador Nocturno. Porén, esta mención a Lamento Luminiscente, editado nun compartido cos mexicanos Ereshkigal, non fica completa sen mencionar tamén aos outros traballos lanzados pola banda este ano, Morgana e Ruína e Decadência. Non en van falamos dunha das bandas máis prolíficas do país.



Bala - Maleza

Aínda que en Rouco Son procuramos destacar os traballos das bandas de base, non podemos senón falar do gran salto deste ano, o do dúo coruñés Bala, que xa xoga no máis alto con este Maleza editado por Century Media. O tándem formado por Ánxela e Violeta non para de medrar co seu asoballante metal alternativo. Seguro que xa o escoitaches, senón, non perdas máis o tempo!



Barbarian Prophecies - Horizon

Outro nome absolutamente fundamental do metal galego. Horizon é o quinto álbum de estudio completo do cuarteto lucense Barbarian Prophecies, que xusto este ano cumpriron 21 anos de traxectoria. O disco amosa á perfección o estilo de death metal melódico con elementos progresivos que levan practicando nos últimos tempos. Entre as cancións máis destacadas cabe mencionar o temazo "Morte negra", que ademais é o primeiro tema que os de Lugo editan en lingua galega. E, segundo nos contou o seu membro fundador Óscar na entrevista que lles fixemos, non será o último...



Dantalion - Time to pass away

Segue a cousa con bandas clásicas. E é que tanto Barbarian Prophecies, como Xerión, como as bandas precursoras de Dantalion e Balmog, Mydgard e Inmacula Mortem, tiveron á vez a súa fundación nos albores do novo milenio, sendo todas pioneiras do black metal en Galicia. Dantalion tivo tamén sempre un gran peso do doom metal, que pasou a ser o seu estilo claramente principal durante uns anos. Pero este Time to pass away é toda unha patada na cara de black metal, coma o seu predecesor The seventh wandering soul (2018). Para o álbum contaron co regreso dun anterior vocalista, Sanguinist, co seu persoal estilo de voces desgarradoras.



Pneura - O son da lareira

Este dúo de irmáns de Verín, Pneura, practica unha bestial mestura de death metal e crust punk. E este primeiro álbum completo, O son da lareira, non podería sonar máis crú e visceral. Gravado, mesturado e masterizado polo propio batería da banda, Jevy Gz, son 27 minutos intensos coma poucos, entre os que se albiscan riffs tremendos e memorables.



Negarte & The Muerto - Sand graves

Producido, gravado, mesturado e masterizado polo tamén guitarrista da banda Iván Ferro no mítico Kollapse Studio de Lugo. Sand graves é un discazo de post-hardcore escuro e experimental, no que se pode apreciar o legado de Ictus, a banda na que militaron Iván e o vocalista The Muerto. Trátase do primeiro álbum baixo o nome de Negarte, e tendo en conta o resultado só podemos agardar a continuidade deste proxecto.




Cru - A

Xa vos falamos do trío carralés Cru cando sacaron o vídeo do tema "Lucas de Neón", incluído neste EP titulado A. O citado tema, xunto con "Ceives" e "Ogro", conforma este breve traballo que axiña terá a súa continuación e no que se mesturan o hardcore, o punk e o metal. Como di na propia portada: "moito ollo"!



N.E.Ø - Punto de no retorno

Imposible non comezar dicindo que este cuarteto inclúe a Alberto Cereijo e a Tino Mojón, guitarrista e batería de Los Suaves, e está asinado con Maldito Records. Punto de no retorno é o segundo álbum de N.E.Ø, despois de Objeto cercano a la tierra (2019), e lles fixo merecedores este ano do Premio Martín Códax da Música na categoría metal. O disco está composto por puro heavy metal e hard rock. Potente, melódico e, por suposto, impecable a nivel técnico.



Battosai - Battosai

Contundente e melódico rock alternativo. Battosai son un trío afinado en Compostela, e o seu primeiro álbum completo foi lanzado por Spinda Records. Aupado por sinxelos memorables coma a canción de apertura “Idiota”, “Mentira” ou “6 A.M.”, o grupo colleu voo por todo o alto con este disco. Botádelle unha orella!



Arctic - Arctic

Novo proxecto fundado en Ourense. Con este EP homónimo de catro cancións, o dúo Arctic amósanos o seu prometedor doom metal melódico, un estilo non moi prodigado nas nosas terras co que conseguen chamar a atención dende a primeira escoita á canción que abre o traballo, “Overcomed”. Ficamos atentos aos seguintes pasos do grupo, porque teñen moi boa pinta.



Nuada - Deconstruír e refacer

Novo traballo deste cuarteto nado en Teixeira, Curtis, en 2015. Ao longo dos 21 minutos que duran as sete cancións de Deconstruír e refacer, Nuada desata o seu rock punky e combativo, que xa puideramos catar en traballos anteriores coma Barullo Melódico. Especialmente recomendable é o videoclip do seu tema “Avante”, gravado no polígono industrial da súa vila e adicado á loita dos traballadores de Sidegasa a finais dos anos 80.




Al Final Solo Habrá Cenizas - Nuestra propia destrucción

Nuestra propia destrucción é o primeiro traballo do novísimo dúo coruñés Al Final Solo Habrá Cenizas. Porén, os seus dous membros xa teñen experiencia previa en bandas de diferentes estilos como Saharah, Moura ou Cavalli. Neste disco atopamos un crust punk con elementos de sludge metal ou de hardcore punk. Catro cancións demoledoras que fan augurar un futuro prometedor para o proxecto.



Cruzeiro - Cruzeiro

Xa vos falamos do trío carralés Cru cando sacaron o vídeo do tema “Luces de Neón”, incluído neste EP titulado A. O citado tema, xunto con “Ceives” e “Ogro”, conforma este breve traballo que axiña terá a súa continuación e no que se mesturan o hardcore, o punk e o metal. Como di na propia portada: “moito ollo”!



Xhamain - Na alma

Dende a súa estrea en directo en 2017 había unha gran expectación polo primeiro álbum desta banda viquesa de metal con elementos sinfónicos, góticos ou folk. E o certo é que Na alma é un álbum cheo de temas, como “Eterna Soedade”, “Soño de Inverno” ou a suite “Plenilunio”. A impronta do mítico grupo vigués Fallen Sentinel, á que pertenceu o seu guitarrista e vocalista Rubén Alonso, “Palomo”, é clara, aínda que o grupo ten o seu toque único coa adición de elementos da música celta.



Os Bar Ban Sónicos - Quimicamente impuro

Os Bar Ban Sónicos veñen do Barbanza e fan punk de garaxe, como se pode apreciar neste primeiro álbum completo Quimicamente Impuro. O trío da Pobra do Caramiñal formouse en 2018 e xa lanzara en 2020 un EP nesta liña, Alimentando o Nervio. Música de garaxe en estado puro, sen artificios, para os fans do punk máis rockanroleiro. Non ten perda posible.



Os Vacalouras – Xuventude Prexubilada

E rematamos esta lista dos 25 discos do ano co Xuventude Prexubilada dos Vacalouras, dos que xa vos temos falado en varias ocasións. Xa son unha das bandas máis míticas de Vigo (con perdón para Teis) por dereito propio, cuns case 15 anos de traxectoria inzados de temas aos que agora sumaron “Tírate da Ponte de Rande” ou, como non, esa marabillosa colaboración con Quim Barreiros que é “O Samil é Portugal”. Xa presentaron o álbum ante unha Sala Master ateigada, así que agora só queda mirar como a banda segue medrando e medrando todo o que lles corresponde, que é moito. Festa rachada!

Propietario do estudo de gravación Pouland Studios, na aldea de Pousada (Ames)

Jago Pico: “Cando unha banda vén gravar somos un equipo, canto mellor lle vai mellor che vai a ti”

Tes traballado con artistas do primeiro nivel en multitude de estilos. Como te adaptas a tanta diversidade musical? Hai algún xénero co que che guste traballar especialmente?

A verdade é que atopo unha satisfacción enorme traballando con estilos moi diferentes. Cando era máis novo o que máis me gustaba era todo o relacionado co metal e o rock, pero realmente o que me motiva son os proxectos que queiran innovar, ou rachar co establecido. Formeime dende pequeno no conservatorio coa música clásica, logo tirei polo rock, toquei nunha orquesta de pachanga... Son experiencias que a unha idade temprana déixante marcado, de pequeno es unha esponxa e absorbes todo o coñecemento, e considero que grazas a iso, a día de hoxe entendo a música dun xeito especial ou diferente, non sei como explicalo.

Ademais da túa faceta coma produtor e enxeñeiro de son, tamén tes unha canle de Youtube na que subes versións de cancións que contan con centos de miles de visitas. Ser tanto músico coma enxeñeiro de son facilita que teñas o control total de todo o proceso de creación?

Totalmente, sobre todo coma produtor. Necesitas ter coñecementos musicais, para poder plasmar todo o que tes na cabeza e transmitirillo ás bandas. Toda a miña enerxía vai enfocada á xente coa que traballo. Na canle de Youtube fago algún cover cos amigos ou xente interesante que coñezo polo mundo adiante, pero fágoo por mera diversión. O traballo de estudio segue sendo imprescindible, ao final se queres un resultado potente, teste que rodear de profesionais que lle dean un pulo ao teu traballo. E logo, estar en YouTube, Instagram, Facebook, Spotify... É máis cuestión de marketing, de publi.

Son bastantes os artistas que teñen pasado por Pouland e teñen labrado unha carreira considerablemente exitosa. Notas que iso fixo medrar paralelamente a fama do estudio dende o seu nacemento en 2006?

Coido que si. Ao final, cando formas parte dun equipo, que é o que somos cando veñen as bandas a producir ou a gravar ao estudo, calquera logro é compartido. Canto mellor lle vai á banda, mellor che vai ir a ti, e viceversa.

Pouland Studios, antes Pousada Son, toma o seu nome da aldea de Ames onde se sitúa. Por que decidiches esta ubicación?

Era unha finca que tiñan meus pais. Con 16 anos xa decidira que ía montar un estudio de gravación, e era o sitio perfecto, ben comunicado, ao ladiño de Bertamiráns, preto de Santiago. E, sobre todo, vivir no Val da Mahía é marabilloso. O estudio segue sendo “a pousada do son”, pero agora traballo moito con

bandas de fóra e cústalles moito quedarse co nome. Por iso mudei a Pouland Studios, e tamén porque moita xente chámame “Pou”. Debe ser porque non saio do estudio (risas).

O equipo e a calidade do estudio son impresionantes. Foi algo que fuches construíndo co tempo ou dende o primeiro momento tiveches claro que querías facelo ao grande?

Sempre lembro o que lle dixera aos meus pais nada máis cumprir a maioría de idade: “vou montar un estudio nivel mundial, xa veredes”.

Nesa época foi a crise dos grandes estudos de gravación, que non paraban de pechar... Así que imaxínate a cara de meus pais. Considero que é bo poñerse unha meta ben alta, para que cando todo este soño remate, poder mirar cara atrás e sentirte orgulloso do camiño que percorriches. Chegue a onde chegue, non importa, pero hai que disfrutar do andado, e do que queda por andar.

Son varios os estudos de gravación galegos ubicados no rural. Ten máis pros que contras?

Sen dúbida son todo pros. Para crear precisas un espazo libre de agobios, de tráfico, de ruído. Ás veces, nas gravacións podes quedar bloqueado por momentos, porque son moitas horas traballando co oído, que satura moi rápido, e sempre coa cabeza posta no proxecto. Poder saír fora, respirar aire fresco, estar cos cans, coa natureza... Carga as pilas, e logo volves seguir gravando con máis enerxía e boa vibra.

Tes unha ampla formación en música e gravación, e agora tamén compartes ese coñecemento cos alumnos da Casa do Rock en Compostela. Fan falla máis enxeñeiros de son en Galicia? Que impacto ten na profesión a proliferación dos estudos caseiros e a música de dormitorio?

O que fai falla é fomentar o tecido da industria cultural en xeral, facer unha industria forte, que non dependa sempre de axudas e que uns leven unha gran cantidade de cartos e por outro lado haxa bandas que paguen por tocar. Iso non é industria, iso ten outro nome. O impacto dos estudos caseiros é marabilloso, porque realmente coas redes, podemos compartir coñecemento a todos os niveis, entras no Youtube e podes ver como se mesturaron as voces dun disco top mundial, ou diarios de gravación... Hai anos, iso tíñalo que imaxinar, escoitar

discos e intentar achegarte a ese son por medio do ensaio-erro, agora telo a golpe de clic.





Na aldea de Pousada, na parroquia de Ames, está o estudio de gravación Pouland Studios, onde teñen gravado algúns dos nomes máis destacados da música galega de todos os estilos: dende o rock de Ruxe Ruxe ou Novedades Carminha á música tradicional das Tanxugueiras, pasando polo hip hop de Ezetaerre ou o metal de Tálesien ou Nao. Detrás deste estudio está Iago Pico, que o fundou en 2006 cando apenas tiña 20 anos de idade e tocaba en bandas locais de rock e metal coma IceWind. Agora é un produtor musical de sona tanto en Galicia como fóra dela, e ademais ten unha canle de Youtube con miles de seguidores á que sube versións interpretadas e gravadas por el mesmo.

Falamos con el para indagar no porque do éxito de Pouland e sobre as vantaxes de ter un estudio de gravación do máis alto nivel en pleno rural galego, unha tendencia á que cada vez se van sumando máis e na que se poden citar outros nomes coma os dos estudios Mafia en Partovia, no Carballiño, ou os Zoilo Unreal Studios en San Xán de Marín.

Libre Expresión de Medios
de Galicia, LIEXGAmedia

Proximidade. **Honestidade.**
Solvencia. Pluralismo.

Falamos de rock en galego. Edita: Libre Expresión de Medios de Galicia. Romero Donallo 26 15706 Santiago. Imprime: Tameiga. Peche de edición: 20-12-2021 nº10. Depósito legal: C 1279-2021. Director: Javier Carnota. Teléfono: 620 967 549. Coordinador de contidos: Jacobo Mouriño. Colabora: Patty Castro



Este boli se convierte en un juguete



para que ningún niño o niña
se quede sin jugar

5€

Cómpralo en unjugueteunailusion.com

rtve



Colabora:

Under **W**ood
media
LIEXGAmedia